Exercicios paso a paso para Moodle.
Adpatado a versión de Webdinamicas-Xunta de Galicia. Novembro 2020 (Moodle 3.3).
Relator: Alfonso Pereira. Licenza by-nc-sa.

**Tarefa Outono.**

**Desexamos poñer unha tarefa aos alumnos/as. Imaxinemos que deben entregarnos un traballo sobre o Outono. Debe ter ao menos dúas páxinas e debe estar entregado antes do 1 de decembro nun arquivo pdf.**

**Paso 1. Asegúrate que estas en modo edición no teu curso:**
Debe aparecer na parte superior deleita o botón "Activar edición":




**Paso 2. Preme no botón engadir unha actividade ou recurso.**
Dentro do tema que ti consideres, (no nos caso chámase Outono) preme no botón sinalado en laranxa.




**Paso 3. Elixe Tarefa, dende a lista que se amosa.**



**Paso 4. Apunta o nome da tarefa e a sua descrición.**




**Paso 5. As datas de entrega.**




Hai dúas datas limite.
A primeira é a data limite de entrega. O alumno coñecerá que debe entregar antes de esa data pero se lle permite entregar con atraso.

A segunda data límite. Impide que o alumno entregue con atraso, e decir non permite entregas fora da data.

Por todo iso temos dúas opcións:

- Se permitimos atrasos cubrimos so a primeira data limite.
- Se non permitimos atrasos cubrimos as dúas datas límite.

**Paso 6. Seleccionamos o tipo de entrega**




Nos tipos de ficheiros aceptados debemos poñer .pdf  (comeza por punto).

Se admitimos varios formatos deben estar separados por coma, por exemplo .pdf, .odt

Se deixamos baleiro ese campo aceptaría todo os tipos de arquivos.

**Paso 7. Axustar a Cualificación.**




Debemos indicar cal será a puntuación máxima.
No noso exemplo elixiremos 10, e dicir pontuaremos dende 0 a 10.
Poñeremos un 5 en cualificación para aprobar.

**Paso 8. Gardar e volver ao curso.**




Se todo foi ben debería aparece no curso a tarefa.




Se precisas modificar algún dato, podes premer no botón editar que está ao lado da tarefas.

